

**REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO**  
SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Data: 28/12/2018 13:01:42  
**SAIDA 16579/18**

Secretaría Xeral Técnica da Consellería de  
Sanidade  
Edificio Admtvo. San Lázaro, s/n  
15781 Santiago

Reclamante: [REDACTED] en representación da Sociedade [REDACTED]  
[REDACTED]

Expediente. Nº **RSCTG 128/2018**.

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia nas reclamacións presentadas ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Sociedade [REDACTED] mediante escrito do 5 de novembro de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta o seguinte acordo:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** [REDACTED] en representación da Sociedade [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 5 de novembro de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, unha solicitude presentada ante a Consellería de Sanidade de obtención de copia dos expedientes relativos ás autorizacións do Tanatorio de Lousame (Portobravo s/n) e do crematorio que pretende instalarse.

A reclamante manifesta no seu escrito, que ten constancia de que o Tanatorio de Lousame (Portobravo s/n) ten iniciado os trámites para a apertura dun crematorio nas súas instalacións, polo que solicitou á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, copia dos expedientes relativos ás autorizacións dese establecemento e do

crematorio que pretende instalarse. En concreto a solicitude fai referencia tanto ao novo expediente de comunicación relativo á instalación dun crematorio de cadáveres nas actuais instalacións do Tanatorio (expediente iniciado en 2018), como do expediente ou expedientes da actividade iniciada en 2013 nesas mesmas instalacións.

A Administración non remitiu resolución expresa dentro do prazo que a normativa de transparencia establece, nin dirixiu comunicación algunha referente á información solicitada.

**Segundo.** O 7 de novembro de 2018 déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Consellería de Sanidade para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente. Consta a recepción do dito traslado o 13 de novembro de 2018.

**Terceiro.** O 3 de decembro de 2018 ten entrada no rexistro do Valedor do Pobo oficio da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade na que remite copia do expediente e informe no que pon en coñecemento da Comisión da Transparencia que mediante resolución do 27 de novembro de 2018, foi resolta a solicitude da interesada con carácter favorable, facilitándolle o acceso ao documento acreditativo da autorización sanitaria de funcionamento de velatorios e tanatorios do 13/01/2014, diversas notificacións remitidas ao Concello de Lousame (A Coruña) e un informe base para a tramitación da licenza de autorización do tanatorios.

Así mesmo, respecto á actividade de crematorio, na que incide especialmente a interesada, únese unha certificación do 15/11/2018 do órgano administrativo con competencias na materia e onde se indica que non consta a entrada da declaración responsable do artigo 11.2 do Decreto 151/2014, relativa ao inicio dunha actividade de crematorio nas instalacións funerarias do lugar de Portobravo s/n do Concello de Lousame.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas

Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### **Segundo. Procedemento aplicable**

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exigencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

#### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 15 de febreiro establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de acordo co disposto nos artigos 122 e 124, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a solicitude presentouse o 26 de setembro de 2018 a reclamación presentouse o 5 de novembro do mesmo ano sen que nesta data a Administración notificase resolución expresa, debe admitirse a reclamación.

#### **Quinto. Análise do expediente**

A reclamante, en nome e representación da Sociedade [REDACTED] solicitou que se lle remitira copia dos expedientes relativos ás autorizacións do Tanatorio de Lousame (Portobravo s/n), e especialmente do crematorio que pretende instalarse.

Dentro do prazo previsto, a administración competente non emitiu resolución expresa. Segundo o informe e copia do expediente remitido pola Secretaría Xeral Técnica, mediante resolución do 27 de novembro de 2018, foi resolta a solicitude e se lle remitiu a información solicitada, concedéndolle o acceso á documentación acreditativa da autorización sanitaria de funcionamento do velatorio e tanatorio do 13/01/2014, diversas notificacións remitidas ao Concello de Lousame (A Coruña) e un informe base para a tramitación da licenza de autorización do tanatorios. Respecto da autorización do crematorio, remíteselle certificación do 15/11/2018 do órgano administrativo con competencias na materia e onde se indica que

non consta a entrada da declaración responsable relativa ao inicio dunha actividade de crematorio nas referidas instalacións funerarias.

Mediante escrito que tivo entrada o 3 de decembro de 2018, a interesada comunica que recibiu en sede electrónica a resolución da Consellería de Sanidade resolvendo favorablemente a súa solicitude, pero que a esa data aínda non recibiu a documentación solicitada, polo que non pode determinar se esta axusta ou non ao solicitado.

De acordo co informe e documentación remitida pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, a resolución, aínda que ditada fóra de prazo, dá acceso á información solicitada. Desde esta Comisión, non é posible determinar si a documentación remitida está completa de acordo co solicitado pola reclamante, pero de non ser así, debe a Consellería completar a información.

De acordo co anterior, por ter a Consellería remitida a información fora do prazo establecido pola normativa en materia de transparencia e en data posterior á interposición da reclamación ante esta Comisión, debe estimarse a mesma por motivos formais.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia


#### **ACORDA**

**Único:** Estimar por motivos formais a reclamación presentada por [REDACTED] en representación da Sociedade [REDACTED] por falta de resolución en prazo da súa solicitude de obtención de copia dos expedientes relativos ás autorizacións do Tanatorio de Lousame e do crematorio que pretende instalarse, instando á Consellería de Sanidade a completar a información remitida, no caso de que esta non estivera completa.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga